



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### **ACTA DE EXAME/COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA AOS LICITADORES PARA EMENDA DE DEFECTOS OU OMISIONS PRODUCIDAS NA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE C DO PROCEDIMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACION: FACTOR PREZO) PARA CONTRATACIÓN DAS OBRAS AS QUE SE REFIRE O PROXECTO DENOMINADO “ADECUACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA. PABELLÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS”, INCLUIDA NO PAI 2016.**

Na Casa do Concello de Camariñas, ás 10:30 horas do día 28 de xullo de 2017, constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado pola Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 24 de febreiro de 2017, estando presentes os seguintes membros:

#### **Presidente:**

D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde- Presidente do Concello.

#### **Vogais:**

D<sup>a</sup> Sandra Insua Rial, Concelleira.

D. Juan Carlos Canosa Marcote, Concelleiro.

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

D<sup>a</sup> Paula Suárez Cotelo, Interventora da Corporación.

#### **Secretario:**

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativa adscrito a Secretaría.

É obxecto da reunión, acto non publico, de conformidade coa cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas que regulan a contratación e co acordado pola Mesa de Contratación en reunión de data 27/07/2017, o exame/comprobación da documentación requirida ao licitador MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. para emenda da proposición económica, falta de sinatura, presentada polo licitador que opta á contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), das obras ás que se refire o proxecto denominado “ADECUACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA. PABELLÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS”, incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Excm. Deputación Provincial.

Dada a presenza do Presidente como do secretario así como dos vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede:

#### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dáse lectura á acta da sesión anterior sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que esta se autoriza coa sinatura do secretario da Mesa e o visto e prace da presidencia.

#### **2º.- EXAME/COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA AO LICITADOR MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. PARA EMENDA DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA.**

Na reunión da Mesa de Contratación de data 27 de xullo de 2017, acordouse:

.../

#### **4º.- EXAME DE OFERTAS PRESENTADAS E ADOPCION DOS ACORDOS QUE CORRESPONDAN.**

*Examinada a documentación/proposicións achegadas/presentadas polos licitadores no sobre C, compróbase que a oferta económica presentada polo licitador MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. está sen asinar polo representante legal da empresa; polo que a Mesa de Contratación, tendo en conta as diversas resolucións/informes/sentenzas ditadas polos tribunais de recursos contractuais, pola Xunta Consultiva de Contratación e*



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

a xurisprudencia do Tribunal Supremo, por unanimidade dos membros presentes  
ACORDA:

**Primeiro.-** Comunicar mediante teléfono, Fax ou correo electrónico ao licitador MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L., os seguintes defectos ou omisións na oferta económica presentada, concedéndolle **un PRAZO DE TRES DÍAS HÁBILES**, a contar dende a recepción da comunicación, para que aporte a documentación que seguidamente se relaciona:

- Presenta a proposición económica sen asinar polo representante legal da empresa. Debe presentar a proposición económica debidamente asinada polo representante legal da empresa formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II do prego (cláusula 12.3 do prego).

.../

A comunicación realizouse mediante correo electrónico e fax ao licitador MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. e ten saída do Concello o día 27 de xullo de 2017, núm. de rexistro 1653.

O prazo para presentar a documentación requirida era de tres días hábiles, a contar desde a recepción da comunicación.

A empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L., presenta a documentación requirida dentro do prazo outorgado o día 27 de xullo de 2017 núm. de rexistro 20179990000064.

Así pois, examinada/comprobada a documentación aportada polo licitador en tramite de emenda e vistos os antecedentes expostos así como a restante documentación/actuacións que obran no expediente, a Mesa de contratación por unanimidade dos seus membros acorda:

**Único.-** Declarar admitido no procedemento o licitador MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L., ao subsanar o defecto na proposición económica.

### **3º.- EXAME DE OFERTAS PRESENTADAS, COMPROBACIÓN DA POSIBLE EXISTENCIA DE OFERTAS ECONÓMICAS INCURSAS EN PRESUNCIÓN DE BAIXA DESPROPORCIONADA OU ANORMAL E ADOPCION DOS ACORDOS QUE CORRESPONDAN.**

Examinada a documentación/proposicións achegadas/presentadas polos licitadores no sobre C, compróbase que as proposicións económicas presentadas polos licitadores GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.; AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L.; e CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L. son, en principio, desproporcionadas ou anormais, de conformidade co disposto na cláusula 15.3.2 do prego.

Visto o establecido no art. 152.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e a cláusula 15.3.1 do prego que rexe a contratación, a mesa de contratación en desempeño das funcións que o art. 22.1 f) do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, ACORDA:

**Primeiro.-** Comunicar aos licitadores GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.; AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L.; e CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L., que as súas ofertas económicas son, en principio, desproporcionadas ou anormais, concedéndolles un prazo de **cinco días**, contados a partir da recepción da notificación do presente acordo, para que xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.3.3. do prego de cláusulas que rexe a contratación.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

**Segundo.-** Rematado o prazo concedido ao efecto para xustificación de ofertas desproporcionadas ou anormais, vólvese a reunir a Mesa de Contratación para continuar coas correspondentes actuacións aos efectos de emitir proposta de adxudicación.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as 10:55 horas do día da data, do que como secretario dou fe co visto e praxe da Presidencia.

Vº e Praxe,  
O PRESIDENTE,

D. Manuel Valeriano Alonso de León

O SECRETARIO,

D. Victorino Nión Carril